

# O importante é participar

As imaxes

ao longo da historia

da protesta estudiantil  
na USC

Apúntaste?

Dende o 23 de  
marzo de 2023

Baixo a escaleira da  
Biblioteca de Psicoloxía  
e Ciencias da Educación



Visitas guiadas o xoves 23  
de marzo ás 11:30h e ás 12h



## 1. Disturbios estudiantís (1979)

As protestas comezaron a principios de novembro de 1979 e duraron case 20 días. Na imaxe podemos ver o final dunha das manifestacións, onde as estudantes queimaron a porta do Reitorado, praza do Obradoiro, en demanda dos servizos básicos universitarios. ([Conde Murias, P., 22 novembro de 1979, El País](#))



## 2. Protestas estudiantís contra os alugueiros abusivos, 1984

Manifestacións do ano 1984. Neste caso contra dos alugueiros abusivos, dado que a inflación dos prezos complicaba a habitabilidade da cidade e o acceso equitativo á educación superior ([19 de marzo de 2020, El Correo Gallego](#)).





### 3. Manifestación pola apertura do Burgo das Nacións, 1991

Manifestacións do ano 1991. Cuxa reivindicación foi a rehabilitación do Burgo das Nacións para a súa adaptación ás necesidades actuais, xa que estaba deseñado como albergue de peregrinos, e prezos máis asequibles para o estudiantado ([13 de agosto de 2022, El Correo Gallego](#)).



### 4. Protestas contra a LOU, 2001.

A aprobación da Lei Orgánica de Universidades no ano 2001 trouxo consigo un dos maiores movementos universitarios de reivindicación dos dereitos propios da historia galega. Aspectos desta lei, como a reestruturación dos órganos de representación da universidade, a desigualdade real entre profesorado e comunidade ou a falta de financiamento das becas foron motivo de tan importantes manifestacións ([Ballesteros, A., 28 de novembro de 2001, La Voz de Galicia](#)).



### 5. Protestas contra a aplicación do Plan Bolonia, 2007-2011.

No ano 2009, o estudiantado da USC, ao igual que milleiros de estudantes de toda España e Galicia, protestou en contra da aplicación do plan Bolonia na Universidade. No caso da USC, estas protestas tiveron moita repercusión en moitas das facultades, destacando entre elas a facultade de Ciencias Políticas, na que houbo sentadas e manifestacións ([28 de decembro de 2008, el Correo Gallego](#)).



### 6. Protestas contra a xestión do reitor Casares, 2012

Nesta ocasión estudiantado e PAS uníronse para defenderse da xestión e dos recortes encabezados polo equipo reitoral de Casares. Irrupiron durante una das reunións do Claustro, obrigando a suspendela ([19 de decembro de 2012, praza.gal](#)).





## 7. Boicot dunha homenaxe a Fraga en Filosofía, 2012

Tendo lugar na Facultade de Filosofía unha homenaxe trala defunción de Manuel Fraga, ministro franquista durante a Ditadura (1962-1969) e presidente da Xunta de Galicia durante a democracia (1990-2005), as estudantes interrumpiron o acto ao grito de “fascista” ([17 de febreiro de 2012, ABC Galicia](#)).



## 8. Peches de 2012

Durante o 2012 tiveron lugar multitude de peches nas facultades e centros da USC co fin de protestar contra os recortes, en defensa da educación e da universidade públicas e de calidade. Entre outros, tiveron lugar peches, folgas e protestas no Pazo de Fonseca, na Facultade de Historia, de Ciencias da Educación e na Biblioteca Xeral ([Calle, J.M., 26 de maio de 2012, Galicia Confidencial](#)).





### 9. Peche Filosofía, 2013

Protesta contra os recortes desenvolvida polo estudantado de filosofía, que finalizou nun peche en 2013 ([25 de febreiro de 2013, praza.gal](http://25.de.febrero.de.2013.praza.gal)).





### 10. Peche das PAS na Balconada contra os recortes, 2013

As PAS da USC fixeron no 2013 un peche na Balconada (lugar emblemático da administración universitaria), en contra das decisións unilaterais da Xerencia e en defensa dos seus dereitos laborais afectados polos recortes ([Fontán, D., 5 de febreiro de 2013, Compostime](#))



### 11. Inauguración do curso 2013/14

A comunidade universitaria, tras dous anos de protestas contra os recortes, decidiu facer unha manifestación conxunta a modo de inauguración do curso ([Rodil, O., 6 de setembro de 2013, Nós Diario](#))







## 12. Peche Historia, 2015

O estudiantado da USC organizou un peche na Facultade de Historia no 2015 co fin de reivindicar o fomento do uso do galego nas aulas, aulas de estudo 24h, a expulsión de Domingo Neira –profesor abiertamente homófobo– e a busca de solucións económicas para a universidade máis aló da prometida venda dos edificios de enfermería e Maxisterio. O peche rematou cunha longa mesa de negociación no Reitorado ([Peche Historia, 2015, Facebook](#))



### 13. Peche en Ciencias da Educación, 2016

O estudantado da Facultade de Ciencias da Educación organizou un peche no centro durante o curso 2015/16, no que reclamaban melloras dos espazos e mobiliario da facultade, máis medidas de control en torno ás actitudes e declaracións discriminatorias do profesorado, nesta ocasión fronte o profesor Domingo Neira.



### 14. Protestas contra Luciano Méndez, 2016

Dende o ano 2016 o estudantado da universidade loitou pola sanción legal e institucional a Luciano Méndez, profesor con actitudes e comentarios misóxinos e machistas que recibiu un expediente disciplinario da USC ([Montero, T., 18 de marzo de 2016, La Voz de Galicia](#)).






### 15. Protestas contra Luciano Méndez, 2019

As protestas alongáronse durante 3 anos, cando en 2019 un novo caso de vexación foi feito público e o estudiantado volveu saír á rúa. Nesta ocasión a USC suspendeu ao profesor de emprego e soldo por 3 anos ([Blanco, F., 24 de outubro de 2019, el Correo Gallego](#)).



### 16. Peche e folga de Medicina, 2019

O estudiantado da Facultade de Medicina comezou as protestas reivindicando melloras na docencia, a organización e xestión da mesma e a carga de traballo discente. A cacerolada e a folga de Medicina derivaron nun peche na facultade ([Montero, T., 8 de novembro de 2019, La Voz de Galicia](#)).







### **17. Manifestación contra o proxecto de universidade Abanca, 2021**

A Plataforma Galega en Defensa da Universidade Pública convocou una manifestación en contra da que sería a primeira universidade privada galega, loitando así para a defensa da igualdade de oportunidades e a mellora da situación da educación superior galega ([12 de xuño de 2021, elDiario.es Galicia](#)).





## 18. Sentada pola presencialidade en CCEE, 2021

Tras case 2 anos despois do inicio da pandemia, o decanato do centro decidiu conservar durante o curso 2021/22 a semipresencialidade. Ante esta situación, máis de 150 estudantes de toda a facultade de Ciencias da Educación participaron nas sentadas pola presencialidade no 2021, esixindo medidas alternativas na facultade que permitiran acudir ás aulas ao estudiantado do centro ([Soler, X.A., 16 de setembro de 2021, La Voz de Galicia](#)).



## E agora nós, como participamos?

**Representación estudiantil**  
por centros ou no Claustro

Co **SEPIU** da USC  
en voluntariado ou APS

**Asociacións Estudiantís** como  
Asembleas de centros  
Sindicatos estudiantís  
Clubes (debate, teatro...)

Programa de **titoras/es** A Ponte

**Consello do Estudantado**

**E fóra da Universidade...**

Con iniciativas propias e coas  
convocatorias de axudas da USC

Participación en entidades alleas  
(asociacións, ONG...)

Lembra tamén:

- As actividades de dinamización e socialización do estudantado (ceas de clase, quedadas...)
- Apoio ás iniciativas das compañeiras (Entroido, magosto, xornadas, ceas intercurros...)
- Metodoloxías innovadoras nas aulas, nas que o estudantado poda ser suxeito do proceso

